

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN PROVINCIAL DO DÍA 27
DE SETEMBRO DE 2024.**

Ás 10.09 horas do día 27 de setembro de 2024, reúnese o Pleno da Corporación Provincial, en sesión ordinaria, no salón de sesións do Pazo Provincial, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidente: don Luis Menor Pérez

Deputados/as do Grupo Popular:

Don Rosendo Luis Fernández Fernández

Don Plácido Álvarez Dobaño

Don José Miguel Pérez Blecua

Don César Manuel Fernández Gil

Dona Ana Patricia Torres Madureira

Don José María Lago Cabo

Dona María Teresa Barge Bello

Dona Marta Novoa Iglesias

Don Jorge Pumar Tesouro

Don Manuel Seoane Rodríguez

Dona María del Carmen González Quintela

Deputados/as do Grupo Socialista:

Don Álvaro Vila Araújo

Don Emilio Luís Díaz Vidal

Don Diego Fernández Nogueira

Dona Marina Vaz Quintillán

Don Aurentino Alonso Araújo

Dona Susana Rodríguez Estévez

Dona Elvira Lama Fernández

Deputados/as do Grupo do BNG:

Don Bernardo Varela López

Dona María José Mangana Guede

Don Xosé Manuel Puga González.

Deputados do Grupo de Democracia Ourensana:

Don Antonio Fernández Martín

Don Gonzalo Pérez Jácome

Don Rafael Martínez Cachafeiro

Secretario: don Juan Marquina Fuentes

Interventora: dona Mónica Legaspi Díaz

O deputado de DO, don Gonzalo Pérez Jácome, ausentouse do salón de sesións cando se trataba o punto 6º da orde do día e non regresou.

A deputada do Grupo Socialista, dona Marina Vaz Quintillan, ausentouse do salón de sesións cando se trataba o punto 10º da orde do día e non regresou.

O deputado do Grupo Socialista, don Diego Fernández Nogueira, ausentouse do salón de sesións cando se trataba o punto 12º da orde do día e non regresou.

Seguidamente iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación e que está dispoñible integramente no Portal Vídeo Acta, no seguinte enlace: [ver vídeoacta](#)

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 24 DE XULLO DE 2024.-

A Secretaría Xeral deu traslado do borrador da acta da sesión anterior, correspondente á extraordinaria do día 24 de xullo de 2024.

Non se producen intervencións e, por unanimidade, o Pleno adopta o seguinte acordo:

Aprobar a acta da sesión ordinaria do Pleno da Deputación Provincial do día 24 de xullo de 2024, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2º.- MODIFICACIÓN DAS CONDICIÓN DO ACORDO DE CESIÓN Á XUNTA DE GALICIA DO USO DA SUPERFICIE QUE OCUPA O AERÓDROMO DE ANTELA (10,09 HA).

D.^a Ana Patricia Torres Madureira, do Grupo Popular, expón o contido do ditame favorable da comisión informativa de Transparencia e Administración Provincial.

A continuación prodúcese as intervencións que se recollen no punto segundo da vídeo acta da sesión, no seguinte enlace: [ver punto 2º](#)

Non se producen máis intervencións e, por unanimidade, o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º) Modificar o acordo de cesión á Xunta de Galicia do uso da superficie que ocupa o Aeródromo de Antela (10,09 Ha) sobre as seguintes referencias catastrais:

- 203 m2 da parcela NRC: 32078A177000320000QS

- 35.518 m2 da parcela NRC: 32078A177000340000QU

- 4.582 m2 da parcela NRC: 32078A177000460000QL
- 29.982 m2 da parcela NRC: 32078A177000490000QM
- 17.465 m2 da parcela NRC: 32078A177000500000QT
- 13.150 m2 da parcela NRC: 32078A177000520000QM

2º) Este acordo de cesión rexeráse mediante contrato patrimonial de cesión de uso coas seguintes condicións:

- Finalidade: Seguridade e loita contra os incendios forestais (PLADIGA).
- Duración: 30 anos dende a sinatura do contrato.
- Extinción: Polo transcurso do prazo indicado, incumprimento das condicións que rexen a cesión ou polas demais causas previstas na normativa aplicable.
- Reversión: Posibilidade de reversión polo incumprimento do contrato ou polas demais causas previstas na normativa aplicable.

3º) Remitirle á Xunta de Galicia o acordo de cesión adoptado por parte do Pleno, o título de propiedade dos bens e nota simple do rexistro para que proceda a tramitar un expediente de aceptación.

4º) Formalizar o documento administrativo de cesión entre ambas administracións.

3º.- MODIFICACIÓN DAS TARIFAS DO SERVIZO DE ESTACIONAMENTO NO APARCAMENTO EN TERREOS ANEXOS AO HOSPITAL SANTA MARÍA NAI.

D.^a Ana Patricia Torres Madureira, do Grupo Popular, expón o contido do ditame favorable da comisión informativa Especial de Contas e de Facenda e Economía.

A continuación prodúcese as intervencións que se recollen no punto terceiro da vídeo acta da sesión, no seguinte enlace: [ver punto 3º](#)

Non se producen máis intervencións e, por unanimidade, o Pleno adopta o seguinte acordo:

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (12) e de DO (3) e a abstención do Grupo Socialista (7) e do BNG (3), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º. Aprobación do seguinte cadro de tarifas do contrato do servizo de estacionamento de vehículos nos terreos anexos ao Hospital Santa María Nai que a Deputación Provincial de Ourense ten formalizado coa mercantil GRUPO DE ESTACIONAMIENTOS ORENSANOS, SA, con CIF A32238925:

Tarifas xerais:

- Primeiros 30 minutos: 0,00 euros€/minuto.
- Seguintes 30 minutos: 0,025 euros€/minuto.
- Resto do tempo: 0,020 euros€/minuto

Tarifas especiais:

- Bono 1 día; 6,00 euros€; *Pódese saír as veces que se queira con distintos vehículos.
- Bono 5 días; 25,00 euros€; *Pódese saír as veces que se queira con distintos vehículos.
- Bono 10 días; 35,00 euros€; *Pódese saír as veces que se queira con distintos vehículos.
- Bono 30 días; 55,00 euros€; *Pódese saír as veces que se queira con distintos vehículos.
- Bono 30 horas; 29,00 euros€; *Ata esgotar o saldo, caducidade de un mes.
- Bono 50 horas; 45,00 euros€; *Ata esgotar o saldo, caducidade de un mes.
- Bonos residentes; 35,00 euros€; * De luns a venres de 19.00 a 09.00 horas e sábados, domingos e festivos as 24 horas.
- Bono empregados CHUOU (1 mes); 25,00 euros€; *Pódese saír as veces que se queira con distintos vehículos, caducidade mensual.

2º. Acordar a oferta de 36 de prazas do servizo de estacionamento de vehículos nos terreos anexos ao Hospital Santa María Nai para os **enfermos crónicos**, nos termos que se indican:

- Cantidade: 36 bonos (20 para a AEEC e 16 para ALCER).
- Duración: 75 horas – mensuais.
- Deseño: tickets personalizados co logo de AECC e de ALCER.
- Custo: 15 euros€ unidade/mes, cun prezo máximo anual de 6840,00 euros€/ano.
- Estas tarifas especiais estarán vixentes ata a súa modificación.
- Disporán de 4 prazas reservadas – con rotulo personalizado.

3º. Acordar a redución do canon concesional correspondente aos exercicios 2023, 2024, 2025 e 2026, polo que o importe do canon queda fixado nas seguintes contías:

- **Anualidade 2023: 13.847,50 euros** (aplicáronse as tarifas do acordo de data 17.12.2021).
- **Anualidade 2024: 16.696,50 euros** (aplicáronse as tarifas do acordo de data 17.12.2021 ao primeiro semestre e aplícanse as tarifas do apartado 1º e 2º deste acordo ao segundo semestre).
- **Anualidade 2025: 19.545,50 euros** (aplícanse as tarifas do apartado 1º e 2º deste acordo).
- **Anualidade 2026: 19.545,50 euros** (aplícanse as tarifas do apartado 1º e 2º deste acordo).
- Nas anualidades seguintes revisarase o canon, que de non manterse a oferta de prazas para enfermos crónicos sería de 26.375,50 euros / ano.

4º. Ao abeiro do disposto no artigo 39.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas, a eficacia do apartado segundo do presente acordo, retrotráese á data de efectos do 1 de xaneiro de 2023. As razóns que xustifican esta medida excepcional son a necesaria articulación da cooperación e asistencia económica desta Deputación coas entidades que se benefician destas tarifas especiais.

A retroactividade é posible ao concorrer todo os requisitos establecidos no citado artigo 39.3 da LPAC, xa que o acordo produce efectos favorables para as interesadas, xa que permite que se acollan ás tarifas especiais, e os supostos de feito necesarios existen na data á que se retrotrae a eficacia do acordo, e este non lesiona dereitos ou intereses lexítimos doutras persoas.

Polo indicado, o presente acordo terá como data de efectos 01.01.2023 e esténdese ata a data 31.12.2026.

5º. De forma paralela a Deputación Provincial contratará coa empresa concesionaria do aparcamento anexo ao novo Hospital, emprazado no Camiño Portalón do Casar, s/n 32005, Ourense, vinte (20) bonos mensuais (15 para a AECC e 5 para ALCER) en condicións similares ás anteditas.

6º. As condicións da posta a disposición dos bonos coas tarifas especiais a favor das entidades AECC e ALCER serán obxecto de concreción en ambos convenios de colaboración que se asinarán entre a Deputación Provincial de Ourense e as referidas entidades.

7º. Ordenar a publicación do novo cadro de tarifas no Boletín Oficial da Provincia de Ourense.

4º.- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN NÚM. 2/2024 CONSISTENTE NA MODIFICACIÓN DA BASE 5ª DAS DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO DO INORDE (INCLUSIÓN DE SUBVENCÍONS NOMINATIVAS).

D.ª Marta Nóvoa Iglesias, do Grupo Popular, expón o contido do ditame favorable da comisión informativa Especial de Contas e de Facenda e Economía.

A continuación prodúcese as intervencións que se recollen no punto 4º da vídeo acta da sesión, no seguinte enlace: [ver punto 4º](#)

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (12) e do BNG (3), e a abstención do Grupo Socialista (7) e de DO (3), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º) Aprobar inicialmente a modificación do orzamento do INORDE para o exercicio de 2024 (expediente 2/2024 de modificación da base quinta das de execución do orzamento), conforme coa proposta formulada pola Presidencia:

Beneficiario	Finalidade	Importe /euros€
Concello de Parada do Sil.	Desenvolvemento do PLAN DE SOSTIBILIDADE TURÍSTICA EN PARADA DO SIL 2024.	7.000,00 €
Concello de Castro Caldelas	XXVII FEIRA-CONCURSO COMARCAL DE GANDO VACÚN DE RAZAS AUTÓCTONAS. ANO 2024	8.000,00 €
Concello da Veiga	Evento CRIANZA TREVINCA IV EXPOSICIÓN AGROGANDEIRA DE TREVINCA. ANO 2024.	15.000,00 €
TOTAL		30.000,00 €

2º) De acordo co artigo 169 da Lei reguladora das facendas locais, por remisión do artigo 177.2 do mesmo texto legal, o expediente será exposto ao público, tralo anuncio no Boletín Oficial da Provincia, por 15 días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións.

5º.- RECTIFICACIÓN DO ACORDO ADOPTADO POLO PLENO PROVINCIAL EN SESIÓN DO 31 DE MAIO DE 2024, CONSISTENTE NA APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL, OA, A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE E O CONCELLO DE PORQUEIRA PARA O FINANCIAMENTO, EXECUCIÓN E ENTREGA DAS OBRAS DE MELLORA DE SANEAMENTO E DEPURACIÓN DOS NÚCLEOS DE POBOACIÓN DO TERMO MUNICIPAL DE PORQUEIRA (OURENSE), PDM MIÑO-SIL ES010 3 CHCH0SCET29SR2456

D.ª Ana Patricia Torres Madureira, do Grupo Popular, expón o contido do ditame favorable da comisión informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural.

A continuación prodúcese as intervencións que se recollen no punto 5º da vídeo acta da sesión, no seguinte enlace: [ver punto 5º](#)

Non se producen máis intervencións e, por unanimidade, o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º. Rectificar o acordo adoptado polo pleno provincial na súa sesión de data 31 de maio de 2024, consistente na aprobación do convenio de colaboración entre a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, OA, a Deputación Provincial de Ourense e o Concello de Porqueira para a financiación, execución e entrega das obras de mellora de saneamento e depuración dos núcleos de poboación do termo municipal de Porqueira (Ourense), PDM Miño-Sil ES010_3_CHCH0SCET29SR2456, nos seguintes termos:

a) No punto 1º, anexo de anualidades, onde di:

ADMINISTRACIÓN	2024		2025		2026		TOTAL	
	IMPORTE	%	IMPORTE	%	IMPORTE	%	IMPORTE	%
CHMS	0,00 €	0 %	1.139.263,73 €	89,45%	8.982,52 €	8,24%	1.028.000,00 €	80%
DIPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE	36.753,75 €	100%	120.246,25 €	10,55%	100.000,00 €	91,76%	257.000,00 €	20%
TOTAL	36.753,75 €		1.139.263,73		108.982,52 €		1.285.000,00 €	

- Debe dicir:

ADMINISTRACIÓN	2024		2025		2026		TOTAL	
	IMPORTE	%	IMPORTE	%	IMPORTE	%	IMPORTE	%
CHMS	0,00 €	0 %	1.019.017,48 €	89,45%	8.982,52 €	8,24%	1.028.000,00 €	80%
DIPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE	36.753,75 €	100%	120.246,25 €	10,55%	100.000,00 €	91,76%	257.000,00 €	20%
TOTAL	36.753,75 €		1.139.263,73		108.982,52 €		1.285.000,00 €	

b) No apartado cuarto da cláusula cuarta do texto do proxecto de convenio, **onde di:**
 “Asistencia técnica para a redacción do proxecto de mellora de saneamento e depuración nos núcleos de poboación do termo municipal de Porqueira (Ourense). Ano 2016: 16.940 euros”.

Debe dicir:

Asistencia técnica para a redacción do proxecto de mellora de saneamento e depuración nos núcleos de poboación do termo municipal de Porqueira (Ourense): 16.940 euros

O clausulado do convenio aprobado no punto 1º, así como os puntos 2º, 3º e 4º, manteñen a redacción aprobada.

6º.- CAMBIO DE TITULARIDADE A PROL DO CONCELLO DE VILAMARTÍN DE VALDEORRAS (OURENSE) DUN TREITO DA ESTRADA OU-0807 VILAMARTÍN (N-536) - SAN VICENTE.

D.^a María del Carmen González Quintela, do Grupo Popular, expón o contido do ditame favorable da comisión informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural.

A continuación prodúcese as intervencións que se recollen no punto 6º da vídeo acta da sesión, no seguinte enlace: [ver punto 6º](#)

Non se producen máis intervencións e, por unanimidade, o Pleno adopta o seguinte acordo:

Primeiro: Dar a conformidade da Deputación Provincial de Ourense ao cambio de titularidade a prol do Concello de Vilamartín de Valdeorras (Ourense) dos seguintes treitos de estradas provinciais:

CLAVE	DENOMINACIÓN	P.Q.INI.	COORDENADAS UTM 29 - ETRS 89	P.Q.FIN	COORDENADAS UTM 29 - ETRS 89
OU-0807	Vilamartín (N-536) - San Vicente	8+190	660011.75, 4701998,28	8+690	659572.35, 4701797.43

Segundo: De acordo co establecido no artigo 9.6 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, o cambio de titularidade será efectivo ao día seguinte da publicación do Decreto da Xunta de Galicia no DOG. A entrega dos bens formalizarase no prazo dos dous meses seguintes a esta publicación mediante a sinatura da correspondente acta de entrega entre as administracións intervenientes.

Terceiro: Logo da tramitación do cambio de titularidade, e en aplicación dos números 4 e 6 do artigo 10 da Lei 8/2013, de estradas de Galicia, a Deputación Provincial de Ourense deberá modificar o seu catálogo de estradas para incluír os cambios de titularidade aos que se refire o presente acordo, nos termos indicados.

7º.- MOCIÓN DE DO PARA A REDUCCIÓN DA ACHEGA ECONÓMICA DA DEPUTACIÓN A DETERMINADOS EVENTOS.

A esta moción presentou unha emenda o BNG.

D. Rafael Martínez Cachafeiro, de DO, expón o contido da seguinte moción, comunicando que acepta a emenda presentada polo BNG.

"Recientemente se celebró la IX edición del Ourense Sound Fest en el recinto deportivo que la Xunta de Galicia tiene en Monterrey, en el Concello de Pereiro. Este festival que ya

ha cambiado tres veces de nombre, tiene su precedente en otro, el Derrame rock, que a finales de los noventa se venía celebrando en Oira y que en cuanto le negaron los apoyos que solicitaba se apresuró a abandonar la ciudad. Este tipo de festivales que como en días pasados reconocía Gay Mercader, el más importante promotor musical de España (acaba de traer a Sevilla a AC DC), están en franco retroceso en toda Europa. No así los conciertos que mantienen plenamente su vigencia. Desconocemos si es debido a esa supuesta difícil rentabilidad de estos eventos, al desconocimiento que en muchos casos tienen las administraciones del mercado del espectáculo, a la codicia de los promotores e incluso y en muchos casos la combinación de todas estas circunstancias (como nos tememos que ocurre en este caso) que las instituciones facilitan apoyos que van mucho más allá de lo razonable. Las condiciones en que se realizó este evento son desde luego inmejorables para el promotor: por un lado, se le cede durante días un recinto deportivo para que se realice el festival a coste 0. Somos conscientes que estamos ante magnitudes totalmente diferentes pero los conciertos de este verano tanto de Taylor Swift en el Bernabeu como de ACDC en La Cartuja de Sevilla (esta última de titularidad pública) no fueron espacios precisamente "cedidos" generosamente a los promotores. De hecho, ambos recintos se han lanzado desde hace tiempo a la caza de grandes conciertos como fórmula de incrementar sus ingresos. Por otro lado, esta institución, la Diputación provincial de Ourense, subvenciona con 75.000 euros el festival y la Xunta de Galicia con casi 35.000€uros. Todo un montante que hace que los costos del evento, cachés de artistas, montajes, seguridad y demás, se vean ya casi cubiertos en su práctica totalidad. A todo ello hay que sumar los ingresos que, vía patrocinio, porcentaje tanto de food trucks como de barras instaladas en un recinto público, acaba percibiendo el promotor. En esta situación lo normal sería que el acceso fuese gratuito, pero no, nos encontramos que los asistentes han de abonar entrada y con un precio no precisamente simbólico y es aquí donde surge el "pelotazo" que hoy venimos a denunciar ante este pleno. Partiendo de la premisa que "el riesgo es lo que justifica el beneficio" cuando estamos ante la ausencia de ese riesgo porque viene cubierto por los apoyos institucionales, no tiene sentido que podamos hablar de margen de beneficio para el promotor. Como mucho, una comisión pactada por gestionar el evento que suele establecerse en torno al 10%. No se justifica que, si los recursos públicos asumen en la práctica casi la totalidad del coste del evento, además los ciudadanos paguen su entrada que supone el margen de beneficio que se lleva un señor privado al que no se le conoce otro empleo e incluso se jacta de ser la organización de este evento su única ocupación de todo el año. Por todo lo anterior, se eleva ante el Pleno de la Diputación Provincial de Ourense la siguiente propuesta de acuerdo: -Que se reduzcan drásticamente las aportaciones que la Diputación hace a este tipo de eventos de modo que se sufraguen mayoritariamente con la recaudación privada".

A continuación prodúcense as intervencións que se recollen no punto 7º da vídeo acta da sesión, no seguinte enlace: [ver punto 7º](#)

Non se producen máis intervencións, someténdose a votación a moción coa emenda do BNG, que resulta rexeitada ao obter o voto favorable de DO (2) e do BNG (3), a abstención do Grupo Socialista (7) e o voto en contra do Grupo Popular (12).

8º.- MOCIÓN DO GRUPO POPULAR RELATIVA Á DIFÍCIL SITUACIÓN QUE ESTÁN A VIVIR OS VITICULTORES DA D.O. RIBEIRA SACRA.

A esta moción presentáronse emendas polo propio Grupo Popular e outra polo BNG (que non é aceptada polo grupo propoñente).

D. Manuel Seoane Rodríguez, do Grupo Popular, expón o contido da seguinte moción:

“Os viños elaborados na Ribeira Sacra contan con Denominación de Orixe desde 1996 e actualmente son recoñecidos a nivel mundial tanto pola súa calidade como pola dificultade que entraña o seu cultivo. A maior parte dos viñedos en Ribeira Sacra precipítanse sobre as ladeiras dos ríos Miño, Sil, Cabe e Bibeí, cunhas pendentes que poden chegar nalgúns puntos ao 70%. Esta particularidade e a case ausencia de mecanización no proceso de cultivo e recolección, fan que se coñeza a esa dificultosa tarefa como “viticultura heroica”, un selo que somente o 5% da superficie vitivinícola mundial ostenta. O cultivo da vide na Ribeira Sacra foi implantado polos romanos e recuperado durante a Idade Media polos monxes dos innumerables mosteiros cos que conta, facendo que o legado continúe, sendo hoxe en día o motor económico de boa parte da zona. Os viños, sobre todo o tinto, están a ter dificultades en todo o mundo. Os motivos aínda non están claros aínda que as hipóteses apuntan a cambios no tipo de consumidor, modas, o cambio climático e mesmo a pandemia. Esta última foi unha das responsables da acumulación de tintos en numerosas adegas de todo o sector. As reservas de tinto non conseguen saír ao mercado. Non se pode falar dunha denominación ou dunha uva en concreto, pero nas zonas onde a produción é mais exixente é onde máis dano está a causar. O Goberno Galego vai apoiar ao sector ante a situación de “excedente de viño” que están a vivir o conxunto de zonas vitivinícolas ante o descenso de consumo “para a destilación de crise”. Esta medida estará dotada cun orzamento inicial de 500.000 euros, ampliable de ser necesario ata os 2,4 millóns de euros de fondos propios, cantidade máxima comunicada polo ministerio. Fai falta lembrar que Galicia, xunto con outras comunidades autónomas, solicitou o pasado mes de abril ao Ministerio esta medida excepcional, que recentemente se aprobou pola Comisión Europea e, a través da cal, as adegas desta denominación de orixe poderán xestionar o seu excedente. Tamén vai destinar un total de 2 millóns de euros a unha nova liña de axudas para a conservación e a loita contra a erosión nos viñedos da Ribeira Sacra. Trátase dunha medida nova que vai dirixida á viticultura heroica, na que se traballa nunhas condicións especiais de custos e dificultades. A divulgación das oportunidades da PAC e máis promoción figuran entre as medidas de apoio que tamén se contemplan para os viticultores en xeral, e en especial para os da Ribeira Sacra. Dentro da PAC existen unhas axudas, en concreto o ecoréxime de cultivo leñoso en terreos con pendente, que na actualidade só estano solicitando o 28% dos viticultores, co obxectivo de crear unha capa de cobertura do

chan para reducir a erosión neste tipo de terreos. Estanse reforzando as estratexias de promoción da calidade desta denominación de orixe, en conxunto co Consello Regulador, préstamos pola recollida da uva, como en anos anteriores, etcétera. Temos que destacar que na D.O. Ribeira Sacra están rexistradas 1.310 hectáreas, 12.120 parcelas, 2.134 viticultores e 98 adegas. A zona amparada para a produción do viño con denominación de orixe Ribeira Sacra comprende parroquias e lugares de 20 concellos situados ao longo das ribeiras do Miño e do Sil, no sur da provincia de Lugo e no norte da provincia de Ourense. Como informou o consello regulador da D.O. Ribeira Sacra recentemente, so na provincia de Ourense quedaron sen vendimar este ano ao redor de 350.000 Kg de uva, algo inasumible para os pequenos colleiteiros que a compoñen. O Grupo Popular na Deputación de Ourense é moi consciente desta situación e sabe da necesidade de medidas urxentes que complementen as xa tomadas pola Xunta de Galicia para solucionar esta problemática de maneira inminente. En virtude de todo o exposto, o Grupo Provincial Popular propón ao pleno os seguintes acordos: 1.- Instar á Xunta de Galicia a habilitar unha liña de axudas para mitigar as perdas ocasionadas este ano os agricultores da D.O. Ribeira Sacra pola uva non recollida. 2.- Instar ao resto dos grupos políticos na Deputación de Ourense para chegar a un acordo que permita complementar as axudas da Xunta de Galicia aos agricultores da D.O. Ribeira Sacra ata chegar o prezo de custo da uva non recollida na provincia de Ourense, garantindo a supervivencia das explotacións”.

A continuación prodúcese as intervencións que se recollen no punto 8º da vídeo acta da sesión, no seguinte enlace: [ver punto 8º](#)

Non se producen máis intervencións e, por unanimidade, o Pleno adopta o seguinte acordo:

1. Instar á Xunta de Galicia a habilitar unha liña de axudas para mitigar as perdas ocasionadas este ano aos agricultores da D.O. Ribeira Sacra pola uva non recollida.
2. Estudar que a Deputación de Ourense poida chegar a habilitar de maneira excepcional e moi xustificadamente achegas económicas, cando as axudas das administracións competentes non asuman suficientemente as súas responsabilidades en épocas de crises, co sector primario en cuestión.

9º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA PARA A INMEDIATA POSTA EN MARCHA DUN PLAN DE AXUDAS DIRIXIDAS AOS GANDEIROS CON EXPLOTACIÓNS AFECTADAS POLA ENFERMIDADE HEMORRÁXICA EPIZOÓTICA.

A esta moción presentáronse emendas polo propio Grupo Socialista e outra polo BNG (que é aceptada polo grupo propoñente).

D.^a Marina Vaz Quintillán, do Grupo Socialista, expón o contido da seguinte moción:

“Durante as últimas semanas a Enfermidade Hemorráxica Epizootica (EHE) acabou por afectar ao total das catorce comarcas veterinarias nas que se divide a provincia de Ourense. O pasado 5 de setembro, a Consellería de Medio Rural informaba da localización de novos focos do andazo nas zonas de Ribadavia e Valdeorras, que até entón non tiñan rexistrados casos activos da doenza. Se ben existen dificultades para obter informacións fidedignas sobre o impacto real da EHE sobre o terreo, atendendo ás cifras oficiais ao noso dispor pódese colixir do groso de explotacións afectadas en Galicia, a meirande parte de granxas damnificadas atópase en Ourense, seguido por Lugo e Pontevedra, onde aínda a comezos de mes se rexistraron os primeiros diagnósticos positivos da enfermidade. No sobranceiro impacto da doenza na provincia teñen que ver as elevadas temperaturas e a falta de chuvias, na orixe da multiplicación da presenza do mosquito culicoide coma principal vector de transmisión, e o feito de non ter padecido a EHE con anterioridade, non podendo xerar os animais inmunidade en campañas precedentes. A EHE non afecta a seres humanos, non é contaxiosa e tampouco implica ningún problema para o consumo en xeral. Porén, supón graves complicacións para as reses afectadas: o animal comeza a ter dificultades respiratorias que, acompañadas de secrecións nasais e oculares, provocan descamaduras e úlceras en boca e lingua, sendo o animal incapaz de comer e beber. No caso das vacas, estas deixan de producir leite, co prexuízo que se deriva directamente para os becerros. En último termo, febril e anoréxico, o animal falece no 10% dos casos, mentres que, no suposto de superar o andazo, non se pode garantir unha recuperación completa, exenta de efectos secundarios. O problema non é soamente o deceso da res, senón a perda de rendemento económico da mesma por falta de apetito e engorde, entre outros efectos conexos. Nos casos nos que sobrevive, os gandeiros non saben o futuro que lle espera á vaca ou boi, non quedando asegurada a capacidade de reprodución no caso dos machos, sendo o seu destino máis probable o matadoiro. Se ben non deixa de xerar gastos, é unha incógnita se o animal será rendible ou non. A infección está a provocar grandes perdas nas granxas de vacún de Ourense. Entre outros, consultas veterinarias, aplicación de medicamentos, traballos de desinfección, vacinas, mortes de animais adultos, abortos e descenso na rendibilidade das reses. Alén dos gastos correntes, o sector está preocupado polo baremo establecido para as indemnizacións, constatándose que por un animal falecido por ataque de lobo os gandeiros perciben até cinco veces máis que se perde a vida pola EHE. Unha vaca sa no matadoiro non baixaría duns 1.800 euros, un monto catro veces superior do que se está a compensar pola administración. Polo contrario, se o animal morre, a situación non é mellor porque, no hipotético caso que fose tan doado substituír á res falecida por outra de semellantes características, un exemplar adulto do país non custa menos de 2.500 euros. E todo coa agravante que na nosa provincia as explotacións non teñen soamente unha función económica, senón que se entoxan determinantes desde o punto de vista social e medioambiental, erixíndose coma sostén fundamental do noso rural. No sector sucédense as denuncias contra a administración autonómica. Primeiramente, por falta de previsión: en novembro de 2023 produciuse un episodio significativo de EHE con cinco brotes nas provincias de Ourense e Lugo, que debería ter servido de aviso e lección para poñer en marcha un plan de prevención e, chegado o momento, de actuación. Doutra banda, desde a Consellería de Medio Rural non se teñen interesado pola realidade particular dos afectados,

sendo flagrante a falta información, “que chega con contagotas”, e o exceso de burocracia para solicitar axudas. Os gandeiros apenas chegan a recibir a axuda dos servizos veterinarios públicos que, nomeadamente escasos na provincia de Ourense, atópanse desbordados. A Xunta de Galicia traslada o problema ao Ministerio, supeditando a súa actuación á activación de axudas por parte do goberno central, se ben as competencias e a capacidade económica residen no goberno autonómico. Entrementres, o PP defende que “Galicia é pioneira” (sic) en canto a liñas de apoio, que se concentran nunha insuficiente indemnización de 400 euros por animal falecido, cualificándoa os gandeiros de “esmola”, reivindicando solucións inmediatas para os afectados. Por todo o exposto o Grupo Provincial Socialista presenta as seguintes PROPOSTAS DE ACORDO: PRIMEIRA.- Instar á Deputación de Ourense a demandar da Consellería de Medio Rural da Xunta de Galicia a inmediata posta en marcha dun completo plan de axudas dirixidas ás explotacións afectadas pola EHE que toma en consideración a amplitude do problema, en todas as súas dimensións, e axusten as contías dos subsidios ás perdas reais dos profesionais do sector. SEGUNDA.- Instar á Deputación de Ourense a demandar da Consellería de Medio Rural da Xunta de Galicia o incremento de dotacións e capacidades dirixidas ao sector gandeiro na provincia de Ourense, que inclúen un incremento de veterinarios clínicos e a apertura dun laboratorio de sanidade animal, tal e como xa existe nas outras tres provincias galegas. TERCEIRA.- Instar á Deputación de Ourense á posta en marcha dun programa de axudas dirixidas ao sector gandeiro afectado pola EHE tendente a paliar no curto prazo as perdas das explotacións, garantindo a súa estabilidade mentres non se activen os subsidios autonómicos e estatais dirixidos a tal efecto”.

A continuación prodúcese as intervencións que se recollen no punto 9º da vídeo acta da sesión, no seguinte enlace: [Ver punto 9º](#)

Non se producen máis intervencións, e, por unanimidade, o Pleno adopta o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Instar á Deputación de Ourense a demandar da Consellería de Medio Rural da Xunta de Galicia a inmediata posta en marcha dun completo plan de axudas dirixidas ás explotacións afectadas pola EHE que toma en consideración a amplitude do problema, en todas as súas dimensións, e axusten as contías dos subsidios ás perdas reais dos profesionais do sector.

SEGUNDO.- Instar á Deputación de Ourense a demandar da Consellería de Medio Rural da Xunta de Galicia o incremento de dotacións e capacidades dirixidas ao sector gandeiro na provincia de Ourense, que inclúen un incremento de veterinarios clínicos e a apertura dun laboratorio de sanidade animal, tal e como xa existe nas outras tres provincias galegas.

TERCEIRO.- Instar á Deputación de Ourense a que avalíe a habilitación, de xeito excepcional e xustificado, de achegas económicas dirixidas ás e aos afectados do sector gandeiro pola EHE, cando as axudas do Estado e da Xunta de Galicia non sufraguen suficientemente os prexuízos sobrevidos nos momentos de maior impacto do andazo.

CUARTO.- Tendo en conta que as competencias en Medio Rural son da Xunta de Galicia, no caso de que desde a Deputación Provincial de Ourense se habiliten estas axudas

urxentes e extraordinarias derivadas da difícil situación pola que atravesan as explotacións gandeiras ourensás afectadas pola EHE, reclamarase a subscripción dun convenio de colaboración entre ambas administracións (Deputación de Ourense e Xunta de Galicia) co fin de recuperar as cantidades económicas investidas nesas axudas extraordinarias.

QUINTO.- Que a Xunta de Galicia estableza un plan de acción (con especial atención na provincia de Ourense) preventivo e de detección de cara á vindeira anualidade 2025, e que execute unha campaña informativa e de sensibilización de boas prácticas para evitar o contaxio do gando e favorecer a detección precoz desta, para os efectos de evitar a propagación dos contaxios.

10º.- MOCIÓN DO GRUPO POPULAR RELATIVA Á DIFÍCIL SITUACIÓN QUE ESTÁ A ATRAVESAR O GRUPO INDEA (ANTIGO HISPAMOLDES) E, EN XERAL, O SECTOR AUXILIAR DA AUTOMOCIÓN NA PROVINCIA DE OURENSE

A esta moción presentou unha emenda o BNG (que o grupo propoñente acepta no seu punto primeiro, rexeitando o segundo).

D.^a Marta Nóvoa Iglesias, do Grupo Popular, expón o contido da seguinte moción:

“En Galicia, e concretamente en Ourense, o sector da automoción é estratéxico por a súa proximidade a industria viguesa. No ano 2023 a industria aportou o 16,2 % ao PIB galego. Agora mesmo emprega directamente a 24.800 persoas e a facturación do sector está ao redor 13.000 millóns de euros, con 9.400 millóns de exportacións. En Galicia prodúcese un de cada catro vehículos ensamblados en España pero, a pesares destes datos, o sector enfróntase á incerteza debido á electrificación, á aposta por unha mobilidade máis sostible, novas normativas e á competencia de países cun baixo custo de produción. En Ourense cabe destacar o peso das empresas auxiliares da automoción como o é grupo ourensán Hispamoldes, formado polas empresas HISPAMOLDES (San Cibrao das Viñas), HISLASTI (Pereiro de Aguiar), PLÁSTICOS DE PALENCIA, GRUPO HISPAMOLDES TANGER (Marrocos) e MOLDES DE MÉXICO AUTOMOVITE INDUSTRY (México), cunha facturación de 31 millóns de euros no ano 2017. Conta cun persoal de 350 empregados repartidos nas súas catros plantas, tres delas en España, e entre os seus clientes figuran compañías como Volkswagen, Plastic Omnium, o Grupo Samvardhana Montheron ou Kostal. Converténdose en provedor de primeiro nivel no sector da automoción e poñendo a provincia de Ourense no mapa como referente na inxección de pezas termoplásticas, fabricación de moldes e ferramentas para a inxección. Foi no mes de febreiro do ano 2023 cando a empresa italiana de compoñentes para a automoción SAPA, especializada en inxección de plástico,

consumou a súa entrada en España coa adquisición de HISPAMOLDES por QUARZ INVERSIÓN, fondo de inversión fundado no 2019 por Critian Abelló, que se fixo coa maioría de capital e que se integrará en SAPA. Esta integración do provedor ourensán HISPAMOLDES en SAPA, supón a entrada do grupo nos mercados español e marroquí. Este movemento no mercado das empresas auxiliares de automoción na provincia de Ourense trae consigo o cambio de nome da compañía, que pasará a denominarse GRUPO INDEA. A partir desta adquisición por parte deste fondo de inversión, e a cada día peor situación da industria auxiliar da automoción, -dado que é un sector que se ve afogado debido a ausencia de carga de traballo e a posible descentralización da produción de compoñentes-, impacta de cheo nas condicións laborais do persoal, que se ven sumidos en ERTES e despedidos. Os empregados vense na obriga de mobilizarse xa que ven que as empresas están a sufrir un desmantelamento e que non se aposta pola provincia. As industrias que operan en Ourense están pendentes dos pedidos que non chegan de empresas como Stellantis, que se acaba de beneficiar dos fondos europeos a través do PERTE do vehículo eléctrico, pero que non está reflexando ese apoio en Galicia e neste caso en Ourense, se non derivando eses fondos a lugares onde máis barato lles sexa producir. Está claro que tanto os fabricantes, os provedores e as Administracións Públicas teñen que ter en conta que unha industria configúrase con proxectos e con actividade industrial, e non se debe permitir que un motor tan importante para Galicia e para a nosa provincia sexa desmantelado, debendo protexer o sector fronte a outras potencias. En virtude de todo o exposto, o Grupo Provincial Popular propón ao pleno os seguintes ACORDOS: 1.- Instar ao Grupo Indea (antigo Hispamoldes) a garantir o mantemento dos postos de traballo do persoal que actualmente forma parte da empresa. 2.- Instar a Xunta de Galicia que reclame ao Goberno Central a transferencia dos fondos dos PERTE industriais ás comunidades autónomas. 3.- Instar a Xunta de Galicia que reclame ao Goberno Central que deseñe convocatorias de axudas para as empresas auxiliares da automoción que garantan o emprego local e eviten a deslocalización”.

A continuación prodúcense as intervencións que se recollen no punto 10º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 10º](#)

Non se producen máis intervencións, someténdose a votación a moción co punto primeiro da emenda do BNG, e, por unanimidade, o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Instar ao Grupo Indea (antigo Hispamoldes) a garantir o mantemento dos postos de traballo do persoal que actualmente forma parte da empresa e a readmisión dos traballadores dos traballadores despedidos desde o ano 2020.

2º.- Instar á Xunta de Galicia que lle reclame ao Goberno Central a transferencia dos fondos dos PERE industriais ás comunidades autónomas.

3º.- Instar á Xunta de Galicia a que lle reclame ao Goberno Central que deseñe convocatorias de axudas para as empresas auxiliares da automoción que garantan o emprego local e eviten a deslocalización.

11º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA PARA CONTRIBUÍR AO MANTEMENTO E MELLORA DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR PRESTADO POLOS CONCELLOS OURENSÁNS.

A esta moción presentou unha emenda o BNG (que é rexeitada polo grupo propoñente)

D. Álvaro Vila Araújo, do Grupo Socialista, expón o contido da seguinte moción.

“A Lei 39/2006, de 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de dependencia (Lei de Dependencia), regula as condicións básicas para garantir uns mínimos na promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de subordinación. Sancionase deste xeito a creación dun Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia (SAAD) coa participación e colaboración de todas as Administracións Públicas, e a garantía pola Administración Xeral do Estado dun contido mínimo común de dereitos para todos os cidadáns en calquera parte do territorio español, independentemente do seu lugar de residencia. Segundo o artigo 1.1 da devandita Lei, “o Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia responderá a unha acción coordinada e cooperativa da Administración Xeral do Estado e as Comunidades Autónomas, que contemplará medidas en todas as áreas que afecta ás persoas en situación de dependencia, coa participación, chegado o caso, das Entidades Locais”. Corresponde ás Comunidades Autónomas a planificación, ordenación, coordinación e dirección do SAAD, así como a xestión dentro do seu ámbito territorial dos servizos e recursos necesarios para unha axeitada atención da dependencia (artigo 11.1). No marco da cooperación interadministrativa prevista no artigo 10 da Lei de Dependencia, os convenios subscritos entre a Administración Xeral do Estado e as Comunidades Autónomas determinan as obrigas asumidas por cada unha das partes no financiamento dos servizos e prestacións do Sistema e, neste senso, “a aportación da Comunidade Autónoma será, para cada ano, polo menos igual que a da Administración Xeral do Estado” (artigo 32). Polo tanto, en Galicia a prestación dos servizos que recolle a Lei 39/2006, de 14 de decembro, compete tanto a Estado como a Xunta e concellos, sendo o seu financiamento responsabilidade dos gobernos central e autonómico. Porén, promesas incumpridas da Xunta mediante, unha derivada da Lei de Dependencia, como é o Servizo de Axuda no Fogar (SAF), pilar fundamental sobre o que se artella o sistema de auxilio e protección dos colectivos máis vulnerables en Galicia, tense convertido nunha –cada vez máis– pesada carga económica para os municipios galegos. Coa suba do IPC e a necesaria mellora das condicións laborais das persoas traballadoras no servizo, entre outros elementos, tense producido un incremento máis que significativo do custo da prestación, sen que o goberno autonómico teña feito ningunha adecuación nas achegas para cumprir coa súa obriga de financiar o SAF e paliar os elevados custos que soportan os concellos. Malia sucesivos anuncios, o goberno autonómico limítase a sancionar as autorizacións do número de horas que cada concello

pode prestar para posibilitar a entrada de usuarios no sistema. Así, cantas máis horas e persoas, maior é o custo do servizo, recaendo o desfase na contabilidade municipal, a pesares de que o pagamento debería recaer directamente na Consellería de Política Social e Igualdade. Namentres a Xunta mantén controlado o seu gasto, os concellos ven perigar a súa estabilidade orzamentaria, sendo estes quen licitan e adxudican un servizo que se encarece ano tras ano, nomeadamente nas entornas máis rurais e avellentadas, como as da nosa provincia, sendo ademais as que dispoñen de menos recursos. Para poder garantir un servizo de calidade para a veciñanza, cunhas condicións de traballo dignas, os concellos teñen asumido en solitario a suba do custo da SAF, sen achegas adicionais da Xunta. Os ingresos do Estado non cesan de aumentar, se ben o Fondo de Cooperación Local leva conxelado desde hai máis dunha década, redundando nun infrafinanciamento duns concellos que cada vez teñen máis competencias que stricto sensu non lle corresponden. Mentres que o goberno central destina fondos específicos ás comunidades autónomas para atender urxencias sociais no marco do Plan de Choque en Dependencia 2021-2023, a Xunta minora orzamento tras orzamento os fondos propios da partida destinada ao SAF. O SAF preséntase coma un servizo capital en Ourense, que cada vez é máis demandado debido ás particulares condicións sociodemográficas da nosa provincia, debendo os municipios asumir importantes cargas, que non cesan de aumentar e hipotecan o seu futuro económico. Hai pequenos concellos do noso rural para os cales o servizo deveu extremadamente oneroso, superando mesmo ao gasto en limpeza viaria e recollida do lixo. Nalgúns municipios o SAF representa xa un de cada tres euros dispoñibles para gasto corrente, o cal se ve agravado coas novas disposicións que reducen o copagamento a asumir polos usuarios do servizo e que debe ser sufragado pola Administración. Os socialistas non podemos quedarnos de brazos cruzados mentres a Xunta, que ten as competencias, mira cara outro lado, resultando en último termo prexudicadas as persoas dependentes. No que a esta institución compete, aínda que moi por baixo do que os socialistas estiman óptimo, conseguimos que nesta lexislatura a Deputación incrementase os fondos destinados á atención social, que ascenden a 1,63 millóns, consagrando 1,4 millóns ao programa Benourense SAF Básico para, nomeadamente, a dixitalización do servizo. Á luz da inacción da Xunta e a difícil realidade dos concellos da provincia, atopándose en risco a sustentabilidade dos servizos públicos prestados, a Deputación de Ourense ten aportar moito máis para manter e mellorar un servizo esencial para o benestar social da provincia. Por todo o exposto o Grupo Provincial Socialista presenta as seguintes PROPOSTAS DE ACORDO: PRIMEIRA.- Instar á Deputación de Ourense a demandar da Xunta de Galicia e a súa Consellería de Política Social e Igualdade a correcta asunción das súas competencias, que inclúen un financiamento acaído coa auténtica realidade do Servizo de Axuda no Fogar, incrementado as partidas dispoñibles a tal efecto e actualizando o Fondo de Cooperación Local. SEGUNDA.- Poñer en marcha liñas de financiación do Servizo de Axuda no Fogar para minorar as achegas dos concellos de menos de 20.000 habitantes, garantir a súa estabilidade orzamentaria, desenvolver axeitadamente as prestacións e que poidan chegar a toda a veciñanza en situación de dependencia. TERCEIRA.- Dotar de medios e recursos humanos e materiais aos equipos de valoración de dependencia para reducir as listas de agarda e requintar a prestación do servizo, así como exercer de mediador en eventuais negociacións entre concellos, empresas e axentes sociais para acadar os mellores acordos posibles en aras de garantir as mellores condicións para usuarios e demais partes implicadas no SAF”.

A continuación prodúcese as intervencións que se recollen no punto 11º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 11º](#)

Non se producen máis intervencións, someténdose a votación a moción por puntos, co seguinte resultado:

Puntos 1º: aprobado por unanimidade.

Punto 2º, rexeitado ao obter o voto favorable do Grupo Socialista (7), a abstención de BNG (3) e de DO (2) e o voto en contra do Grupo Popular (12).

Punto 3º: aprobado por unanimidade, engadíndolle ao principio “Instar á Xunta de Galicia a dotar ...”.

Polo tanto, o Pleno, por unanimidade, adopta o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Instar á Deputación de Ourense a demandar da Xunta de Galicia e a súa Consellería de Política Social e Igualdade a correcta asunción das súas competencias, que inclúen un financiamento acaído coa auténtica realidade do Servizo de Axuda no Fogar, incrementado as partidas dispoñibles a tal efecto e actualizando o Fondo de Cooperación Local.

SEGUNDO.- Instar á Xunta de Galicia a dotar de medios e recursos humanos e materiais aos equipos de valoración de dependencia para reducir as listas de agarda e requintar a prestación do servizo, así como exercer de mediador en eventuais negociacións entre concellos, empresas e axentes sociais para acadar os mellores acordos posibles en aras de garantir as mellores condicións para usuarios e demais partes implicadas no SAF.

12º.- MOCIÓN DO BNG ANTE OS PROXECTOS MINEIROS NOVO ARBOIM, NOVO FRIXO E NOVO CIMA.

D. Bernardo Varela López, do BNG, explica o contido da seguinte moción:

“No DOG do 10 de xuño de 2024 publicábanse tres acordos do 9 de abril de 2024, da Xefatura Territorial de Ourense, polos que se sometía a información pública a solicitude do permiso de investigación de tres proxectos mineiros: Novo Arboim, no concello de Oímbra; Novo Frixo nos concellos de Laza, Sarreaus e Cualedro, e o proxecto Novo Cima nos concellos de Verín e Vilardevós. Do proxecto presentado enténdese que se pretenden facer traballos de investigación para localizar e definir os posibles xacementos de litio, estaño, volframio e tántalo existentes na zona. Pero ademais, o solicitante, Omega Real Estate SL, contempla analizar as mostras para diferentes elementos metálicos (Sn, W, Ta, Nb, Li e outros) sen que se poida saber se eses “outros elementos” conteñen materias radioactivas. Estes traballos teñen unha primeira fase de dous anos de recompilación de información, recoñecemento xeolóxico de campo e tomas de mostras manuais. A partir dos resultados obtidos nesta fase delimitaranse as zonas onde se realizarán as sondaxes mecánicas e as calicatas nas seguintes fases de investigación. A definición destes traballos realizarase nun proxecto de prórroga que se presentará, no seu momento, para a súa autorización por parte da autoridade competente unha vez que finalice o permiso desta primeira fase. Os ditos proxectos deron lugar a un gran número de alegacións e iniciativas de diversa índole nos

concellos afectados directa e indirectamente por estes proxecto que dan boa conta da oposición veciñal. Mesmo a iniciativas institucionais impulsadas en concellos afectados co apoio, en varios casos, de todas as organizacións políticas. Os documentos a exposición pública ilustraron o carácter especulativo do proxecto e a falta de concreción nos labores para realizar. Non existindo unha proposta ou programación para unha campaña de sondaxes que permitan demostrar a existencia dun recurso mineiro racionalmente explotable. En definitiva, non se fixaron as coordenadas onde se van realizar as sondaxes, polo que se ignora se se van realizar preto dos núcleos, preto do patrimonio arqueolóxico, en camiños públicos, etcétera. Tampouco conteñen un estudo hidroxeolóxico da área onde se realizarán as sondaxes, polo que se poden romper acuíferos e deixar sen auga aos núcleos de poboación, xa que hai diversas captacións para consumo humano e gandeiro na zona. Do mesmo xeito, non se indica a auga que se vai empregar –nin de onde se sacará– durante as sondaxes e onde se depositarán os vertidos. O custo ambiental destes proxectos colide frontalmente coa actividade económica de boa parte das comarcas baixo o ámbito de actuación da Deputación de Ourense. Recursos económicos e ambientais como a agricultura e gandería, o turismo de natureza e asociado ao Camiño de Santiago, e as augas, das comarcas da Limia e Monterrei que son actividades todas elas incompatibles con estas explotacións mineiras. Os documentos presentados a estudo e alegacións non cumpren co disposto no Real decreto 975/2009, do 12 de xuño, sobre xestión dos residuos das industrias extractivas e de protección e rehabilitación do espazo afectado polas actividades mineiras, onde no artigo 4, se indica o seu contido. Faltando as medidas previstas para a rehabilitación dos servizos e instalacións anexos á investigación e explotación dos recursos minerais. Outras eivas teñen relación coas definicións dos residuos xerados. Pois indícase que se usarán elementos químicos, sen especificar, que de ser utilizados nas sondaxes, xa non cumpriría coa normativa vixente, e polo tanto, sa non serían residuos inertes. Cumpriría, polo tanto, clarificar este punto cunha análise detallada dos produtos químicos para utilizar, cuestión que foi obviada. Unha vez máis, estamos ante novos casos que evidencian que compre levar a cabo a revisión e o desenvolvemento normativo da Lei de ordenación da minería de Galiza, para reorientar o sector nun modelo que supere a subordinación a intereses alleos ao que volveu da man do Partido Popular. É preciso harmonizar a actividade mineira tendo en conta criterios de responsabilidade, eficiencia defensa social e ambiental. A situación agrávase en Galiza tras a aprobación da Lei europea de materias primas críticas, que coloca a Galiza no punto de mira de toda a actividade extrativista polos seus potenciais recursos, pero que non deixan de reproducir o esquema de depredación e empobrecemento que pode remontarse demasiado atrás no tempo, explotación descontrolada de recursos, padecendo todos os impactos ecolóxicos e demográficos e transformacións do valor engadidos fóra do país. Unha reedición do modelo colonial de sempre, pero cunha tinguadura verde: colonialismo verde. Acordos: 1.- Instar á Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Minas e á Xunta de Galiza para que procedan ao rexeitamento da solicitude de concesión de explotación derivada do permiso de investigación denominados: proxectos mineiros Novo Arboim no concello de Oímbra; Novo Frixo nos concellos de Laza, Sarreaus e Cualedro e o proxecto Novo Cima nos concellos Verín e Vilardevós. 2.- Que se lle dea traslado á Deputación Provincial de Ourense para a súa análise polos técnicos e grupos políticos, da documentación que obre no expediente administrativo que deu lugar á publicación no DOG do 10 de xuño de 2024 dos tres acordos do 9 de abril de 2024, polos que se sometía a información pública a solicitude do permiso de investigación de tres proxectos mineiros; Novo Arboim no concello de Oímbra; Novo Frixo

nos concellos de Laza, Sarreaus e Cualedro e o proxecto Novo Cima nos concellos Verín e Vilardevós, xa que semella que non toda ela foi obxecto do trámite de información pública, pese á súa relevancia ambiental. 3.- Que a Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galiza permita o acceso a esta institución, aos informes sectoriais e a toda a documentación que se incorpore ao expediente administrativo referenciado, logo do trámite de información pública. 4.- Instar á Xunta de Galiza a actualizar a Lei galega de minería, garantindo a seguridade xurídica, transparencia a participación pública na toma de decisións, recuperando a xestión pública do Catastro Mineiro de Galiza. A elaborar o Plan sectorial de actividades extractivas, establecendo áreas de extracción, fóra das cales os terreos terán a condición de non rexistrables. E que garantan que todos os proxectos de explotación mineira e as súas ampliacións sexan sometidos a avaliacións de impacto ambiental de xeito rigoroso e transparente”.

A continuación prodúcese as intervencións que se recollen no punto 12º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 12º](#)

Non se producen máis intervencións someténdose a votación a moción (coa retirada do punto primeiro), e por unanimidade, o Pleno adopta o seguinte acordo:

1. Que se dea traslado á Deputación Provincial de Ourense para a súa análise polos técnicos e grupos políticos, da documentación que obre no expediente administrativo que deu lugar á publicación no DOG do 10 de xuño de 2024 dos tres acordos do 9 de abril de 2024, polos que se sometía a información pública a solicitude do permiso de investigación de tres proxectos mineiros: Novo Arboim no concello de Oimbra; Novo Fixo nos concellos de Laza, Sarreaus e Cualedro e o proxecto Novo Cima nos concellos de Verín e Vilardevós, xa que semella que non toda ela foi obxecto do trámite de información pública, pese a súa relevancia ambiental.
2. Que a Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galiza permita o acceso a esta institución, aos informes sectoriais e a toda a documentación que se incorpore ao expediente administrativo referenciado, logo do trámite de información pública.
3. Instar á Xunta de Galiza a actualizar a Lei Galega de Minería garantindo a seguridade xurídica, transparencia e participación pública na toma de decisións, recuperando a xestión pública do Catastro Mineiro de Galiza. A elaborar o Plano Sectorial de Actividades Extractivas establecendo áreas de extracción, fóra das cales os terreos terán a condición de non rexistrables. E que se garantan que todos os proxectos de explotación mineira e as súas ampliacións sexan sometidos a avaliacións de impacto ambiental de xeito rigoroso e transparente.

13º.- ASUNTOS DE URXENCIA.- Non se presentan.

14º.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.-

- Para cumprir co establecido no artigo 62 do vixente Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (aprobado por Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, e publicado no BOE do 22 de decembro), dáselle conta ao Pleno da relación de decretos dos meses de xullo e agosto de 2024.
 - Dáse conta das modificacións realizadas no Plan CooperoOU a instancias dos concellos.
- Os membros da Corporación quedan informados.

15º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Nesta quenda prodúcese as intervencións que se recollen integramente no punto 15º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 15º](#)

E, ás 15.40 horas dáse por finalizada a reunión, redactándose esta acta, que se asinará electronicamente. Dou fe.

DILIXENCIA:

De acordo coa normativa aplicable, artigo 109 do RD 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, artigo 4 f) do Regulamento orgánico da Deputación Provincial de Ourense (BOP núm. 107 de data 04.06.2024), e artigo 2 do Decreto 24/2018, sobre os libros de actas e de resolucións das entidades locais galegas, **a presente acta esténdese en documento electrónico e incorporando o arquivo audiovisual da sesión, mediante o sistema de vídeo acta.**

A acta consigna os seguintes extremos: lugar de reunión, data e hora de inicio e finalización da sesión, indicación do carácter ordinario ou extraordinario, persoas asistentes con expresión dos seus cargos, e os membros que se escusaron, orde do día, contido dos acordos alcanzados, no seu caso, así como a expresión do sentido do voto dos membros. Ademais do anterior, a acta incorpora o arquivo audiovisual da gravación da sesión, contendo a literalidade das intervencións, así como a sinatura electrónica da persoa que ostenta a Secretaría do pleno, que dota de fe pública e efectos de dereito ao documento, e da persoa que exerce a Presidencia.

Para os efectos do previsto no artigo 2.4 do Decreto 24/2018, sobre os libros de actas e de resolucións das entidades locais galegas, e artigo 4 f) do Regulamento orgánico da Deputación Provincial de Ourense (BOP núm. 107 de data 04.06.2024), **por medio deste escrito CERTIFICO a autenticidade e integridade do ficheiro da gravación contido na presente acta.**

PEGADA DIXITAL VÍDEO

Url

-

<https://depourense.seneca.tv:443/s/X0rTyywkDMtYUMAQmdB51Y80bFoJU2qrHwD7sv1/0TgwnS.wmv>

SHA512

-

1bb9ec9442899e0c1dbb4c28f7b5c3f8b8de7e5c6ae4eebc72668f5503df2b2d2a3ade8
b925cb48d86a5fdb42600123285331b6c15e20fe5c28103aa72ace4ee